

Tomás Abilleira, o narrador, é un xornalista que traballa na delegación en Madrid do xornal ourensán *La Región*. A finais da década do 1990 encóntrase nun café coa atractiva octoxenaria Rosalía Mera (nada a ver coa empresaria real), que lle conta un segredo familiar relacionado coa Guerra do 36. Así descubrirá que na casa da súa familia en Ourense estivo refuxiado o poeta Tristán Ulloa (nada a ver co actor real) e terá as primeiras noticias de Carolina Ernaú, guerrilleira republicana que lle dá título a esta novela de Alberto Canal, publicada por Xerais.

Carolina é unha novela que poderíamos encaixar no xénero de investigación xornalística/memoria histórica, e na que Canal conta, mediante un trasunto literario, a experiencia da resistencia antifranquista, especialmente a das mulleres que tomaron as armas na man e se botaron ao monte. O autor utiliza un modelo clásico, con certas doses de intriga, personaxes sen demasiada profundidade e un-

ha trama que se beneficia do rico universo narrativo da guerra e da posguerra.

O peor da novela é a súa mecánica literaria, que falla principalmente por tres motivos. As frases son, case sempre, demasiado longas. Hai poucas oracións que ocupen menos de cinco liñas no libro. Subordinadas que se entrelazan entre si e deixan sen alento mental o lector. Canal abusa das preposicións e, sobre todo, do xerundio, un vicio da lingua burocrática española que nesta novela ten demasiado protagonismo.

As metáforas e comparacións, a maioría das veces, están fóra de lugar. O autor úsaas en escenas accesorias na trama, o que provoca un ruído innecesario. Asemade, poucas veces lle engaden beleza ao texto; son máis ben evidencias expresivas relacionadas coa natureza:

Con modelo clásico

Demasiados elos emocionais

CÉSAR LORENZO GIL



“Stuard Ross e Milton Doyle uliron a miña angustia vital como as quenllas olen a brincadeira nerviosa dunha

foca desorientada nas frías augas do Ártico” (p. 71).

Os diálogos caen en todos os vicios: son discursivos e artificiais, wikipédicos e farragosos. Só en contadas ocasións o autor consegue darlles algo de viveza, expresar con eles a personalidade dos diferentes personaxes e romper o estilo da voz do narrador en primeira persoa. Ben ao contrario, en moitos momentos o autor converte os personaxes en narradores auxiliares que lle axudan a contar a historia. Pero eses personaxes non falan, en realidade “escriben” mininovelas, cos seus diálogos, descrições e idénticos defectos expresivos.

En definitiva, *Carolina* é outra novela a sumar no recuento anual de historias ambientadas no contexto violento do 1936, neste caso cun perfil xa máis próximo á novela de xénero, pero unida por demasiados elos emocionais cos acontecementos.

CAROLINA (2022): Alberto Canal, Vigo, Xerais, PVP 18,53€


Un eco cromático no límite do ar

Belezas plásticas

ORIANA MÉNDEZ

Os puntos do impacto, de Álex Mene, foi recoñecido co XXIV Premio de Poesía do Concello de Carral, no ano 2021, e constitúe o primeiro libro de poesía do autor vigués que xa ten publicado outras obras de narración. O tempo e os efectos do seu transcurso son o motivo fundamental deste libro, que se desenvolve cun tratamento preciso da lingua poñendo en valor toda a súa polisemia. A través dunha estrutura tricéfala, a voz poética condúcenos por distintos estadios vitais e sensacións, mentres eses puntos do impacto son os propios poemas como marcas dos medos máis indescifrables, marcas dun existencialismo que nós mesmos xeramos. Cómpre destacar, non obstante, a beleza plástica que percorre todo o texto e que, seguramente, teña que ver coa formación artística do autor: “Acatando ordes que atravesan o tempo, / sen tateo ningún, / incho o torso laminado de lousa / e afiázoame no pedestal de sílex”.

Na primeira parte, “Teoría do conflito”, expónse o escenario que transita a voz poética. Un universo que esmorece continuamente, que se deforma expresionista: “A luz confundíase / e rebotaba / enganada polas arestas do cento / e no ar había grandes bocas feitas con grans de millo”. Unha sorte de labirinto ou unha a rañeira distópica descrito



con crueza e caracterizado por un eterno retorno; non se fala dunha destrución total, senón que sempre se volve construír sobre o que fora devastado, incidindo no ambiente asfixiante.

Xa na segunda parte, “As fisuras da estratexia”, concréntanse os puntos do impacto, os pasos propios polo transcorrer do tempo: “Irei pasando polas fases dunha estatua / até que o lento transcorrer mude o meu rostro céreo”. Por último, en “A travesía do corpo”, a voz poética aparece espida de vez, rendida, ante o irremediable. Desvéla-se a chegada a un novo momento vital ou quizais se produza unha fuxida espavorecida cara a adiante. É o ser humano fronte ao estrañamento: o mesmo lugar, o mesmo rostro, o mesmo corpo e tan distinto e tan alleo a si mesmo.

OS PUNTOS DO IMPACTO (2022): Álex Mene, A Coruña, Espiral Maior, PVP. 15€

Lediciosa lectura

Humor e sorpresa

XOSÉ FEIXÓ

Sushi books, selo de Rinoceronte, presenta en galego, en tradución de Moisés Barcia, *Os raspiñeiros*, de Mary Norton (Mary Pearson, de solteira, Londres, 1903 – Bideford, 1992), autora de libros de fantasía para nenos, moi coñecida pola serie de novelas *The Borrowers*, da que este libro é o primeiro, en que unhas diminutas persoas viven en segredo entre nós.

Este primeiro libro, de 1952, foi un éxito nada máis publicar-se, obtendo numerosos premios e recoñecementos, e é considerado hoxe como unha das xoias da literatura infantil británica de ficción, tanto pola imaxinación e fantasía da historia como pola calidade literaria da súa prosa. Conta a historia de Arriety e os seus pais Homily e Pod Clock, seres diminutos de aparencia humana (os “serumanos”) que viven agochados nun casarón de humanos, que non poden descubrilos e para os que teñen que pasar desapercibidos, non obstante viviren deles, para o que teñen que roubarlle comida e obxectos que lles son necesarios, o que explica as desaparicións inexplicables para os humanos. A familia vive detrás do reloxo, e quen fai as incursións na procura das necesidades que teñen é o pai, que é moi hábil e experto en raspiñar, pero Arriety quere aprender a facelo e descubrir o mundo e saír da casa tras o reloxo, polo que lle pide ao pai que a ensine e logo que a deixe facelo, o que finalmente consegue. Pero un día, todo cambia,



pois Arriety é descuberta, pero por un neno moi especial, do que se fai amiga, e entón a familia vese obrigada a cambiar de vida para sempre.

A historia é sinxela, pero chea de aventuras e obstáculos que vencer, con moito humor e continuas sorpresas: supervivencia, adaptación, evolución... Unha ledicia de lectura.
OS RASPIÑEIROS (2022): Mary Norton (trad. M. Barcia), Sushi Books, Cangas, PVP. 16€

A emoción feita palabra

Por lugares insospeitados

MARÍA NAVARRO

A emoción faise palabra en *Unha nova dimensión*, poemario merecente da XXXVII edición do Premio Merlín de Literatura Infantil, convocado por Xerais e cuxo autor, Anxo Iglesias, se inicia con esta obra na publicación de creación literaria ao mesmo tempo que lle amosa ao lector mozo as posibilidades que ofrecen os versos, consciente de que a poesía constitúe unha nova dimensión que conviría explorar se desexamos construír un universo mellor.

Toma como base as dimensións, así que o punto e a liña, o plano, o espazo e o tempo convértense no eixo vertebrador dos poemas, composicións arriscadas, amables, doces, sentidas salgadas, divertidas, fantásticas, reais e moi, moi emocionantes que apuntan directamente á imaxinación, que apelan á intelixencia do lectorado e que traspasan as fronteiras da potencialidade para buscar acubillo no mundo da ensoñación que ancora as súas raíces na vida cotiá, nos xestos aparentemente máis sinxelos ou na sensibilidade que transcende, que traspasa as fronteiras da indiferenza.



por si atractivo e cuxa disposición no papel impactará no máximo do lector, polo que ten de novidade e polas ideas ás que alude, e que se ve enriquecido co trazo amable, divertido e suxerente que realiza a pontevedresa.

Definitivamente trátase unha boa idea de “sacar a bailar as palabras”!
UNHA NOVA DIMENSIÓN (2022): Anxo Iglesias (ils. María Montes), Vigo, Xerais, PVP. 12,30€